

«O mundo hoxe: nós»

de Eduardo Rubio



Observando a actualidade do panorama mundial pode que haxa quen pense que vivimos os momentos máis convulsos que a humanidade xamais coñeza. Ou pode que simplemente este sexa un razoamento que o ser humano suscitou ao longo da súa historia.

O que é evidente é que ao inicio deste novo século moitos foron os conflitos e fenómenos que levaron a considerar a crenza de que este é un planeta cunha sociedade que está esgotando os seus recursos, promovendo un sistema social e económico que acentúa as diferenzas e os contrastes entre unha parte do planeta e a outra.

Que é hoxe o mundo? A exposición fotográfica que aquí lles presentamos pretende responder a esa pregunta desde un punto de vista real e comprometido pero formulándonos ao tempo outras cuestións: este é o noso mundo?, estes somos nós?

Durante tres anos, Eduardo Rubio percorreu o noso planeta, visitando cen países e realizando máis de 70.000 foto-

grafías. No seu percorrido atopou paisaxes fermosas e obras belas, pero tamén guerras, fame e desigualdades. Iso supón contemplar imaxes de todas as rexións, de todos os estratos sociais, de todas as etapas e acontecementos da vida dos homes e mulleres que o habitan.

Esta diversidade de «realidades» móstrase confrontada nun discurso visual, impactante, que non pretende afirmar nada, senón máis ben facernos reflexionar. A contraposición de imaxes e de situacións con que se estrutura a exposición é un recurso que ofrecemos ao visitante para que observe, analice e reflexione extraendo as súas propias conclusións. Como axuda, cada fotografía vai acompañada dun texto explicativo que complementa e en moitos casos dá sentido á imaxe.

OUTONO FOTOGRAFICO 2008



Eduardo Rubio
da serie Mundo hoje



Eduardo Rubio
da série Mundo hoje



Eduardo Rubio
Homeless



Eduardo Rubio
Nai e figlio